

PRAZAS PERFILADAS DE FEAs NO CONCURSO DE TRASLADOS

Na mesa sectorial do 20 de agosto tratáronse as prazas de FEAs que se van ofertar no concurso de traslados (CAP) 2025.

O SERGAS teima ano tras ano na súa postura de ofertar no CAP prazas de FEAs cun perfil específico.

CCOO está totalmente en contra dos perfís mentres non teñan acceso ós mesmos todos os profesionais que estean interesados. Con esta decisión do SERGAS restrínxese o acceso dos FEAs á totalidade das prazas.

Antes de que fagan a súa solicitude de participación, os profesionais teñen que coñecer o número exacto de prazas perfiladas e os requisitos concretos que se esixen. Se os perfís son necesarios, o SERGAS debe xustificar previamente a súa necesidade e ten que dalos a coñecer publicamente.

Desde CCOO seguiremos denunciando esta práctica e loitando polo principio de igualdade no acceso a todas as prazas de FEA.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

25 de agosto do 2025